



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación e Cultura

Expediente: 2024000010332

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2024 - ÁREA DE ILUSTRACIÓN, ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Por resolución da Presidencia número 31120 do 24 de xullo de 2024 aprobouse a concesión provisional das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2024 - Área de ilustración, artes plásticas e visuais.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido presentáronse as seguintes desistencias, alegacións e/ou emendas:

- **Blanca Quintanilla Pérez**

Con data do 31 de xullo presentou un escrito solicitando información adicional en relación a puntuación acadada no apartado do proxecto. O xurado emitiu informe confirmando a puntuación acadada por Blanca Quintanilla Pérez, o cal lle foi notificado á interesada.

- **Noelia María Muíño González**

Con data do 8 de agosto presentou alegacións solicitando a revisión da súa puntuación. O xurado emitiu informe confirmando a puntuación acadada por Noelia María Muíño González, o cal lle foi notificado á interesada.

- **Rosa Arias Lousa**

Con data do 13 de agosto presentou alegacións solicitando a revisión da súa puntuación. O xurado emitiu informe confirmando a puntuación acadada por Rosa Arias Lousa, o cal lle foi notificado á interesada.

- **Ana Salvado Fernández**

Con data 8 de agosto presentou un escrito solicitando modificar o seu proxecto, de conformidade co sinalado no punto 6.7 das bases reguladoras. O xurado emitiu informe autorizando a modificación do proxecto.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación e Cultura

Expediente: 2024000010332

Xa que logo, todas as solicitudes concedidas provisionalmente considéranse aceptadas

Vistos os informes emitidos e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión definitiva das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2024 - Área de ilustración, artes plásticas e visuais, seguintes:

Titular da bolsa: ANA SALVADO FERNÁNDEZ

NIF: ***9434**

Expediente: 2024000018216

Obxecto da bolsa: Master in Design for the Fashion System en Politecnico di Milano, en Milán, Italia.

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: RITA SANCHEZ DOSIL

NIF: ***0481**

Expediente: 2024000018192

Obxecto da bolsa: Terceiro curso no Grado en Deseño e Tecnoloxías Creativas na Universitat Politècnica de València

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: RAQUEL GERMADE REY

NIF: ***0662**

Expediente: 2024000018406

Obxecto da bolsa: Programa e certificado de dibuxo e pintura na MAA (Madrid Academi of Art)

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: LUIS ENRIQUE IGLESIAS SALGUERO

NIF: ***0390**

Expediente: 2024000017928



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación e Cultura

Expediente: 2024000010332

Obxecto da bolsa: Terceiro ano de Belas Artes na Universidade Politécnica de Valencia

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Segundo.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Menores de 23 anos:

Primeira suplente: Rosa Arias Lousa

De 23 a 35 anos:

Primeira suplente: Blanca Quintanilla Perez

Segunda suplente: Noelia María Muíño González

Terceira suplente: Paula Noya Mariño

Terceiro.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación 220240009075, importe: 40.000,00 €.

Cuarto.- Publicar a presente concesión definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.